

# O segredo do lagarto arnal

**Andrea Maceiras**



**BAÍA EDICIÓN**S



**Andrea Maceiras** (A Coruña, 1987)

Licenciada en Filoloxía Galega e en Filoloxía Hispánica e escritora de literatura infantil e xuvenil. Con *Proxecto Bolboreta* (Xerais, 2007) gañou o I Certame de Micronovela do Concello de Soutomaior. *Violeta tamurana* (Baía, 2010) obtivo o 4.º Premio Meiga Moira. En 2012 publicou *O segredo do lagarto arnal* (Baía, 2012). *Nubes de evolución* (Xerais, 2013) foi finalista do Premio Fundación Nova Caixa Galicia 2011 e gañadora do Premio Fervenzas literarias 2014. *Volverás golfinho* (Xerais, 2014) quedou finalista do Premio Merlín 2013. Con *Miña querida Sherezade* obtivo o 6.º Premio Meiga Moira.

*Para meus pais e avós,  
que saben de árbores e de refráns,  
de tempo e de segredos.*

# Índice

1. <i>Lagarto, lagarto</i> (lagarto na casa, lagarto na rúa, lagarto na escola...)	11
2. <i>Sarna con gusto non proe</i> (e feixóns con bos pensamentos, tampouco)	21
3. <i>A bo entendedor, poucas palabras</i> (e aínda que sexan por teléfono)	29
4. <i>Enfádanse as miñas comadres porque lles contan verdades</i> (e tamén se amola Arnal cando lle din o seu mal)	35
5. <i>Gato escaldado, da auga fría foxe</i> (e tamén o can e Arnal saben cando liscar correndo)	45
6. <i>Apáñanse máis moscas</i> (e avelaiñas) <i>con mel que con vinagre</i>	53
7. <i>A grandes males, grandes remedios</i> (e mellor aínda se o remedio é tan grande como Alex)	61
8. <i>Can que moito ladra, pouco morde</i> (e Toxo morder non morde, mais ladra por calquera cousa)	71
9. <i>Con pan e viño ándase o camiño</i> (mesmo sen que o meu tío se decate)	79
10. <i>O amigo verdadeiro podes deitalo no celeiro</i> (e a Avelaiña pode pedirlle todas as lupas do mundo nos momentos máis inoportunos sen que se anoxe comigo)	89
11. <i>Para lograla hai que porfiala</i> (aínda que sexa con métodos un pouco sucios e bastante desesperados)	99
12. <i>Non hai mal que cen anos dure</i> (nin curmán que non regrese a súa casa)	111
Epílogo. <i>Ben está o que ben acaba</i> (e tamén está ben o que comeza, que neste caso é o instituto)	123

***Lagarto, lagarto***  
**(lagarto na casa, lagarto na rúa,  
lagarto na escola...)**

—*Este verán imos tomar o sol como lagartos..* —di a voz dunha muller ás miñas costas, falando co seu fillo.

—*Esa? Esa é unha lagarta de moito coidado!* —exclama unha moza que pasa ao meu carón falando polo móbil facendo xestos esaxerados.

—*Escapuliuse coma un lagarto! O mesmiño!* —cóntalle un home de traxe e garabata ao seu compañeiro ao tempo que beben café en vasos de plástico.

Mentres camiño cara á escola non podo evitar pensar que hoxe vai ser un día moi estraño. E non só porque parece que toda a xente que pasa pola rúa a estas horas leva un único tema de conversa, senón por máis cousas. Cousas que non sei explicar demasiado ben. Eu nunca crin nos fenómenos sobrenaturais, como os extraterrestres, os espíritos e todas esas trapalladas, mais pode que hoxe cambie de opinión... O que está claro é que se alguén volve dicir a palabra *lagarto* berro seguro.

Coido que souben que hoxe non ía ser un día como outro calquera case desde que abrín os ollos porque, nada

máis espertar, miña nai tróuxome o almorzo á cama. Mais isto non foi o sorprendente. Ultimamente miña nai está de moi bo humor porque botou un mozo, aínda que ela non queira contarmo. Eu escoiteina falar por teléfono con el todas estas noites pasadas e, hai dous días, veu busca-la unha suposta amiga para “tomar algo”. Miña nai non adoita saír demasiado, polo que aquilo tamén foi sospeitoso. Para acabar de confirmar as miñas teorías, onte había un ramo de flores enorme sobre a mesa da cociña. Que ela diga o que queira, mais eu dubido moito que llas regalara unha compañeira de traballo para agradecerlle un favor. Entendo que está no seu dereito de non querer contarme nada, mais non son tan parvo como cre...

Pero vaíamos ao caso. Esta mañá non almorcei torradas, coma sempre. Non. Miña nai apareceu cunha bandexa chea de cousas estupendas: zume de laranxa, Cola-Cao, churros... e unhas galletas de chocolate cunha pinta riquísima e unha forma bastante estraña. Ela dixo que eran dinosauros, mais a min non me enganou. Eu xa sabía que algo diferente pasaba. Aquelas galletas tiñan forma de lagarto e non había máis volta que darlle. E eu levaba toda a noite soñando con lagartos, lagartos moi bonitos escapando polo medio das pedras, cos seus corpos debuxados de puntiños. Rarísimo, si.

Mais non acaba aí a cousa. Comín con tranquilidade, pensando que podía ser unha coincidencia. Despois, cando ela marchou para traballar e eu quedei lavando os dentes, coma sempre, puxen un pouquiño a tele. A esa



hora dan uns debuxos que me gustan bastante. Son tres rapaces detectives que investigan casos moi curiosos e que se fan chamar os Superdetectives. O episodio de hoxe trataba dunha investigación por un roubo de crocodilos que ían empregar para facer bolsos de pel. Mais aqueles crocodilos non eran tal. Eran lagartos, podo xuralo.

Por se todo iso fora pouco, agora teño que soportar os comentarios da xente da rúa, que non para de falar do mesmo: lagartos por aquí e lagartos por alá. Se cadra é esta calor que, como di miña nai, nos ten a todos un pouco alterados. Nótase que xa está a piques de comezar o verán e a xente anda a pensar nas vacacións. Menos mal que xa estou chegando á escola; nunca pensei que me ía alegrar tanto de vir aquí. Seguro que no colexio todo é tan normal como sempre: clases de matemáticas e de lingua, recreo, falar cos compañeiros, máis clases e volta para a casa.

O meu colexio está moi cerca de onde vivo, así que veño camiñando todas as mañás. É un edificio grande, un pouco vello e precisa dunha man de pintura, mais a min gústame moito. Voume sentir moi estraño o vindeiro curso, cando comece o instituto e todo sexa diferente. Onte os profesores leváronnos de visita a min e aos nenos da miña clase ao que vai ser o noso instituto. Non está mal, mais non ten nada que ver con este vello edificio en que temos pasado tan bos momentos...

—David!

A voz que me chama é a de Hadrián, un rapaz da miña clase co que adoito xogar ao fútbol polas tardes, que



se achega cara a min. Por fin unha cara coñecida, alguén que pode comprenderme! Sinto a necesidade urxente de desafogarme con el.

—Ola! —saúdoo—. Non sabes que día máis estraño estou a ter.

El mírame con atención mentres coloca mellor a mochila.

—Xa se ve. Tes unha cara de lagarto...

Sinto un calafrío e as palabras atragóanseme na gorxa.

—Unha cara de que?

Hadrián mírame estrañado:

—De sono. Dixen que tes cara de sono, David.

Asústome un pouco. Se cadra estou comezando a obsesionarme coa idea dos lagartos. Sorte que Hadrián ten moitas cousas que contarme do novo videoxogo que lle mercaron os seus pais como agasallo de fin de curso. Polo menos iso distráeme un pouco mentres subimos as escaleiras. Hadrián e mais eu sempre chegamos un chisco tarde, así que cando entramos na clase a profesora xa está anotando unhas cousas no encerado e todos os compañeiros están sentados.

Sento na miña mesa e saco os libros sen saber demasiado ben o que fago. A verdade é que estou bastante preocupado polo que me está a pasar. E se toleei? Non comprendo nada e cústame moito seguir o que di a profesora, e iso que matemáticas é das miñas materias preferidas. Estou como dentro dun soño.

As primeiras horas pasan sen que poida case sentilas. Sorte que só quedan catro días para que acaben as clases e non hai demasiado traballo que facer. Despois do recreo, onde vexo uns nenos de primeiro curso intercambiando cromos de animais (entre os que, por suposto, hai algún lagarto) e unhas rapazas de cuarto saltando á corda ao compás dunha canción repetitiva en que cada tres frases aparece a palabra “lagarto”, toca clase de lingua. O profesor de lingua é dos máis novos e sempre nos fai actividades divertidas. Porén, non teño demasiada gana de atenderlle cando comeza a falar. De súpeto, algúns dos meus compañeiros levantan a man e eu escoito a voz do profesor, que retumba polas paredes da clase como se estivese amplificada, dicindo:

—David, estás un pouco distraído. Por que non comezas tí?

Non teño nin idea do que acaba de dicir. Empezo a poñerme nervioso.

—Que comece a que?

Os meus compañeiros rin ás gargalladas. Xa teño fama de despistado e de andar todo o día nas nubes para que, aínda por riba, me pase isto. O profesor suspira e volve explicarme a actividade:

—Estaba a dicirlles aos teus compañeiros que sería moi interesante que saídes a falar por quendas da visita que fixestes onte ao que vai ser o voso instituto o ano que vén. Quero que contedes algunha cousa que vos chamase a atención: os rapaces, o edificio, as aulas... Logo comentámolo entre todos.

Levántome sentindo as fazulas coloradas e camiño ata a mesa do profesor. Odio poñerme vermello diante de todos. De pequeno non me pasaba, mais duns anos para aquí converteuse nun problema. Tentando ignorar que estou de pé diante de toda a clase penso nalgũa cousa que me chamara a atención onte no instituto... Non teño que matinar demasiado no asunto: a visita de onte foi interesante de principio a fin, mais houbo algo que non puider esquecer desde entón.

—Eu... Onte vin unha cousa que me deixou moi desconcertado —escóitome falar diante de todos—. Cando chegamos ao instituto, os rapaces xa estaban nas aulas. Primeiro vimos o edificio e as aulas e logo o patio. Despois deixáronnos ir á cafetería, que está moi ben. Eu estaba comendo un bocadillo de xamón e queixo a medias con Hadrián e pola fiestra viamos aos rapaces que estaban a facer ximnasia no patio. Nun determinado momento, o profesor mandoulles correr arredor da pista e sentou a ler o xornal. Mentres, cando o profesor non miraba, uns rapaces comezaron a meterse con outro. Lémbrome moi ben, porque era rubio, moi branco, baixiño. Supoño que sería un ano máis vello ca min.

—É verdade —di Hadrián desde o seu sitio, axudándome—. Comezaron a tirarlle do pantalón intentando baixarllo. E logo zoscáronlle.

—E o rapaz non se defendeu —engado eu—. Nin foi dicirlllo ao profesor. Aguantou todo como se non lle quedara outra...

O profesor pregúntalles aos outros nenos da clase que farían eles de verse nunha situación semellante. Moitos responden que contarlo ao profesor, outros que tentar falar cos compañeiros abusóns. Eu sigo sentíndome estraño e non só porque aínda estou de pé diante de toda a clase. Decátome de que esquecín por completo os lagartos, mais agora non podo quitar da cabeza a imaxe daquel rapaz rubio e pequeniño que non fixo nada por defenderse dos compañeiros que estaban a mofarse del. No meu colexio ás veces algúns nenos pelexan e tamén está o típico gracioso, mais non é comparábel... Aquí as cousas sempre acaban por solucionarse.

Non podo deixar de darlle voltas ao asunto. Aínda que non puiden verlle a cara ao rapaz, lémbreme a alguén que eu coñezo, non sei ben por que... Se cadra os lagartos tamén teñen algo que ver... De súpeto acéndeseme unha luz no cerebro. Agora o entendo todo! Non me estou volviendo tolo, senón todo o contrario! É por Marcos! Como non se me ocorreu antes? Probabelmente porque hai xa moitos anos que non vou á aldea... Calculo mentalmente. Si, van catro anos xa. E a revelación do misterio do lagarto e a súa conexión co meu curmán Marcos fáiseme tan evidente que non podo evitar exclamar unha palabra malsoante.

A aula queda en silencio un momento e logo todos os rapaces comezan a rir outra vez. Sinto que se me acende a cara tanto que parece que me vai explotar. Eu nunca digo bocaladas! Ou case nunca. E menos na clase, diante

de todos, aí de pé. Non sei como puido pasar. O profesor tenta impoñer silencio. Logo diríxese a min:

—Ai, David, que che vou ter que lavar a boca con Xabón de Lagarto, como dicía a miña avoa!

Agora si, agora non podoo evitalo. Ao oír a palabra *lagarto*, que me colle de improviso, berro un pouquiño, baixiño, mais todos volven rir, moito máis forte que as outras veces. Sento no meu sitio mentres o profesor abanea a cabeza, negando, como preguntándose que vai facer con nós. Eu sigo da cor dos tomates, mais xa non me importa demasiado. Acabo de tomar unha decisión moi importante. Hoxe ao mediodía falareino coa miña nai.

Quero ir pasar o verán a aldea, como cando era pequeno.